

## **10/2020. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 31 XULLO DE 2020.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as nove horas do día trinta e un de xullo do ano dous mil vinte, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, celebrada a porta pechada, a fin de garantir as condicións de seguridade, autoprotección e distanciamento social, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Genaro Prieto Iglesias. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario accidental o funcionario, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado por Resolución do Director Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia de data 13.05.2014, e de acordo coa comunicación efectuada á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia en data 20.07.2020, ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución núm. 623/2020, de 15.07.2020.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO 2020-2021.**

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación do Plan Económico Financeiro 2020-2021, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe da interventora municipal de data 06.07.2020 e a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 06.07.2020, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 27.07.2020, por 11 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 3 EU-SON EN COMÚN) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o plan económico-financieiro do Concello de Mugardos 2020-2021, nos termos que constan no documento, asinado dixitalmente en data 06.07.2020, denominado “PLAN ECONÓMICO FINANCIERO CONCELLO DE MUGARDOS 2020-2021”, que se considera parte integrante do presente acordo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal para que proceda a remitir o plan económico-financieiro do Concello de Mugardos 2020-2021, ao órgano da Comunidade Autónoma que exerce a tutela financeira (Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos), e ao Ministerio de Facenda e Función Pública, a través da aplicación de captura habilitada ao efecto na Oficina Virtual, así como a Comisión Nacional da Administración Local.

**TERCEIRO.-** Levar a cabo a publicación deste plan seguindo as mesmas normas que as que resultan de aplicación para os Orzamentos das entidades locais, mediante anuncio no BOP, publicación ésta que será só a efectos informativos.

## DELIBERACIÓN

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Comezamos a sesión deste Pleno Extraordinario coa seguinte... primeiro punto da orde do día, que é a aprobación, se procede, do Plan Económico Financeiro 20-21. Bueno, ten a palabra o concelleiro de facenda, Miguel.

**Sr. Mahía Prados:** Bo día, grazas Alcalde, señores concelleiros. Bueno, iniciamos hoxe o que ven sendo a tramitación dos orzamentos municipais, coa aprobación, se procede, en primeiro lugar do Plan Económico e Financeiro e da modificación de crédito que acompaña a este Plan e a estes orzamentos. O motivo de que veñan hoxe a Pleno separados do orzamento principalmente débese á entrada en vigor do Regulamento Orgánico Municipal, que non entraría en vigor ata o 6 de agosto, segundo as estimacións que se fixeron por... polos funcionarios do Concello, e para non dilatar máis o tema, e dado que o PEF e a modificación de crédito non están cinguidas ao Regulamento pois por parte dos servizos técnicos avaliaron que se podíamos comezar xa coa tramitación para poder facer fronte aos dereitos e as obrigas recoñecidas que están na modificación de crédito pois estaríamos adiantando xa traballo de cara á entrada en vigor dos propios orzamentos. E... a tramitación do PEF, que comezamos hoxe, xunto coa modificación de crédito, bueno, no propio PEF explica perfectamente cal é a situación actual ¿non?, o día 11 de marzo pola miña parte asinei a liquidación do orzamento do ano 2019. Durante os meses de marzo e abril non se realizaron sesións plenarias, polo tanto non puido ser levado a Pleno ata o 27 de maio, onde se toma coñecemento desa liquidación e do informe que di que é necesario dotar dun Plan Económico e Financeiro para cumprir coa regra de estabilidade e de gasto. Esa... como consecuencia dese informe este Plan Económico Financeiro... este Plan Económico Financeiro, de aprobarse, daría como lugar polo que el mesmo... bueno, nel mesmo se detalla, unha situación de superávit ao finalizar o 2021 de entorno aos 424.000 euros, corrixindo a senda de déficit que está agora mesmo no Concello. Se trata dun Plan Económico Financeiro que conserva a estabilidade e a regra de gasto e que non abusa do remanente. Proba diso son os 95.000 euros que quedarían aínda ata chegar ao punto de non retorno do que ven sendo o equilibrio da balanza financeira, é dicir, máis aló de facer unha modificación de 95.000 euros, que se podería realizar hacia fin de mandato se fora necesario, e da que dispoñería o Pleno pois a súa utilización, pois e... se estaría cumprindo a regra de gasto e a estabilidade orzamentaria. Dende o goberno quixemos ser conservadores no sentido de ter esa marxe de manobra, ese fondo de manobra, como se chama en termos de contabilidade privada, pois para poder cumprir holgadamente co Plan Económico Financeiro e cos criterios de estabilidade. Eses 95.000 euros que quedan aí consignados serían con cargo a remanente, non queremos abusar do remanente, xa digo, para poder cumprir co... coa estabilidade e coa regra de gasto, e así mesmo este Plan Económico Financeiro por outra parte regula tamén a entrada en vigor de... de bueno, dunha posible modificación da RPT e dunha posible ampliación da plantilla municipal utilizando dous factores, na propia modificación de

crédito que ven no punto seguinte se contempla dous funcionarios por programas, para secretaría e para intervención, e para poder... que isto non altere a estabilidade dos orzamentos tomáronse dúas medidas; a primeira, tívose en conta que este ano a situación de gasto do capítulo de persoal vai ser máis elevada que no ano seguinte, ¿por que?, primeiro porque hai que imputarlle as horas extras que se lle adebedaban aos GES, e segundo porque estamos facendo o obradoiro de emprego e xestionándoo dende o Concello de Mugardos, e ano que ven tocaríalle a outro concello a súa xestión, polo tanto aí habería marxe de sobra para poder tramitar tódolos temas relacionados con persoal sen necesidade de afectar á estabilidade do... que fixa o propio Plan Económico Financeiro e a estabilidade do Concello. A grosa liña son as que acabo de poñer aquí encima da mesa, que son o que ven sendo a liña do Plan Económico Financeiro, corrixir a situación actual e garantir a estabilidade orzamentaria do... do Concello de Mugardos.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois exposto o asunto por parte do responsable de facenda abrimos un turno de intervencións, ¿palabras?. Vale, Pilar e Ignacio. Ignacio.

**Sr. Fernández Fernández** (que traducido di): Ben, sobre este punto temos que dicir que estamos ante un procedemento que non é un recurso político, neste momento é unha ferramenta económica necesaria para equilibrar as contas do Concello. Levamos un ano 2020 que podemos cualificar de tolemia, en canto á situación económica do Concello. Vémonos na obriga de facer sete recoñecementos extraxudiciais de crédito, ven hoxe o sétimo a Pleno, un recurso que sempre veu con reparo da intervención como... como é lóxico, dado o seu... o seu carácter extraordinario, e que os políticos tivemos sempre que levantar o reparo proposto para poder salvar a situación caótica na que... na que nos atopamos. Facturas sen pagar de ata tres anos atrás, pagamentos pendentes, compromisos con provedores con contratistas... esta era a situación na que nos atopábamos, na que con estes recoñecementos extraxudiciais tivemos que tapar un buraco de máis de un millón e medio de euros, algo que sorprende nun Concello onde superamos amplamente a regra de gasto e fomos... déusenos un tirón de orellas por iso, dende o Tribunal de Contas, etc, cando temos un Concello solvente, un Concello que non debería estar inmerso nesta situación. O principal problema é que levamos sen orzamentos dende o ano 2017, é algo cando menos sorprendente, porque os orzamentos nun Concello é a principal ferramenta de goberno, onde vai programado todo o investimento e todo o gasto económico de todo o ano e non tiñamos porque vernos abocados a unha situación de non atopar partida orzamentadas para pagar nada e ter que acudir continuamente ás modificacións se tivésemos esta ferramenta lóxica e necesaria como son os orzamentos. Esperemos que cos orzamentos próximos a presentar neste Pleno se corrixa esta situación anómala, pero ten que ir ligado efectivamente á aprobación deste Plan Económico Financeiro. Nós, responsablemente, imos votar a favor deste Plan Económico Financeiro, porque como digo, isto non é un recurso político senón que é unha necesidade imposta e obrigada para poder saír da lameira, do buraco negro no que estivo metido estes meses a economía do Concello, e poder ver a luz ao final do túnel de cara a... xa non digo a uns orzamentos que imos a aprobar seguramente neste ano 2020, senón nuns futuros do ano 2021 onde xa poidamos adicarnos de verdade pois a traballar polo Concello, polo investimento, pola mellora da vida dos veciños e veciñas, porque estes orzamentos van a ser de equilibrio simplemente e de axuste económico. Pero como digo, ligado a este PEF que nós por responsabilidade imos a votar a favor para poder saír así desta situación e axustar a economía municipal. Nada máis.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moitas grazas. Pilar.

**Sra. Díaz Otero:** Bueno, pois bos días a todos e a todas. Bueno, tal e como dicía o concelleiro de facenda, e así ven reflexado nos diferentes informes, este PEF é como consecuencia da rotura da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto, non así o do límite de débeda, e fundamentalmente, entendemos nós e algunha delas así ven reflexada tamén nos diferentes informes, en primeiro lugar polo emprego do remanente de tesourería, que é o aforro que ten o Concello dos cartos de tódolos veciños e veciñas, para financiar fundamentalmente expedientes de modificación de créditos para inversión. En segundo lugar por non poder consolidar gasto, a falla de aprobación de orzamentos, últimos orzamentos presentados en novembro de 2018, que foron rexeitados e non se puideron aprobar. E en terceiro lugar tamén pola falta de financiación de organismos administrativos diferentes ao Concello de Mugardos, fundamentalmente da Xunta de Galicia durante todos estes anos. En todo caso o Plan recolle para nós dúas cuestións importantes, e non... e así se ven reflexadas, en primeiro lugar que esta ruptura da estabilidade orzamentaria e da regra do gasto non ven dada por unha situación de déficit estrutural, e que polo tanto non se precisan medidas correctoras algunha, senón que o Plan Económico Financeiro ten unha natureza explicativa pero non correctiva. E bueno, polo tanto é verdade que o Plan ven fora de prazo, nós non fomos capaces de presentalo, e polo tanto nesta primeira intervención é o que temos que dicir.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois abrimos un segundo turno se alguén... se algún grupo o solicita. Si, apuntamos entón, si Gemino e José Ángel, paréceme, ¿non?.

**Sr. Varela Filgueiras:** Si, bueno, bo día a todos e a todas. Nós simplemente dicir que imos a emitir o mesmo voto que emitimos na comisión, que é o da abstención, máis que nada porque entendemos que como ben dixo o representante do Partido Socialista isto non é un arma política senón que é algo que ten que ver coa lei, pero tamén é certo que entendemos que este Plan Económico Financeiro hai que desenvolvelo porque hai que cumprir coa lei de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto, a cal entendemos nós que é unha lei inxusta, é certo que é unha lei, pero nós como entendemos que é inxusta ímonos a abster, máis que nada porque entendemos que os gastos que se están a realizar no Concello de Mugardos con relación ao remanente de tesourería son cartos de tódolos e tódalas mugardesas, non son cartos que lle pidamos a ninguén.

**Sr. Alcalde:** José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Si, bueno, eu quería incidir un pouco en... bueno, no que comentaba o meu compañeiro e respondendo un pouco tamén á intervención de Esquerda Unida, en canto a que e... dicir que non se puideron aprobar os orzamentos por culpa de... non sei, pois da Xunta ou dos demais grupos que estaban no goberno. Non se puido aprobar o Plan Económico Financeiro tamén porque non foi secundado. Tamén quería lembrar que nós cando entramos aquí, fai un ano escasamente, aquí había un caos total na xestión, non noutros temas, que ao mellor tamén podería habelo... pero na xestión había un caos total. Ese caos total, coa nosa entrada no goberno, entendíamos que pois íamos a intentar facer o que está facendo

agora, con bo criterio, o Partido Popular, ¿non?, restablecer aínda que sexa... logo xa a política é outra historia, pero cando menos restablecer a situación económica do Concello. Non puidemos facelo, porque bueno, polas circunstancias que foron enseguida se encargaron de que non tivésemos a información e de botarnos do goberno para que non puidésemos continuar. Dende que dimitiu a Alcaldesa non fixemos outra cousa que facer modificacións de crédito, pagar, que a situación se poida... se poida revertir dalgún xeito ¿non?. Eu espero e desexo que este Plan Financeiro non aconteza como aconteceu co último que hai, que é creo que do ano 2017, se non me equivoco, no 2018, no Plan Económico Financeiro, pois tamén se chegaba... se tomaban unhas medidas de carácter preventivo, como é neste caso, no cal pois había que cumprir ¿non?, pois as modificacións orzamentarias terían que cumprir a normativa de estabilidade e tamén se deberían de aprobar os orzamentos anualmente. A presentación dos orzamentos é unha cuestión do Alcalde, co cal entendo que a responsabilidade será de quen o ten que presentar, non dos que o teñen que despois votar ¿non?. Entón por iso quería pedirlle ao Alcalde, actual, xa esquecéndonos un pouco do pasado, que non nos vai a levar a ningún lado, eu creo, nada máis que a sacar máis e máis cousas, que seguramente sairán aínda máis cousas ¿non?, despois se nos culpaba a nós de paralizar o goberno cando xa vemos o que tiñamos ¿non?, non tiñamos orzamentos, non tiñamos PEF, non tiñamos contratos, non tiñamos... tiñamos un montón de compromisos, unha millonada que se está pagando agora con empresas e con empresarios, e con provedores, tamén viamos que non había ningún tipo de vontade, nin para presentar uns orzamentos nin por un Plan Económico Financeiro. Entón mellor imos a pasar páxina, e o que si imos pedirlle ao Alcalde actual é que haber si nesta ocasión, efectivamente, cambiou algo no Concello e non vemos... non se repiten erros do pasado como a aprobación da modificación 10 do 2018, que tamén producía que se rompía de novo a regra de gasto e pois... desvirtuaba xa totalmente o Plan Económico Financeiro que había en vigor nese momento. Entón bueno, con esa esperanza e con esa... e con esa digamos, que ilusión, imos a dar o noso apoio a este Plan Económico Financeiro que imos a aprobar.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, simplemente unha cuestión... si... pero un segundo, si, pechas agora. Unha cuestión. Eu obviamente recollo todas aquelas cuestións que sirvan para mellorar a xestión do goberno, obviamente, e agradézoas, ademais, e todos cometemos erros na vida, pensando, quizais, ás veces cometemos erros uns porque se obcecan en cometer erros e non corríxilos e outros porque nos obcecamos e intentar sacar cousas para os veciños, e ás veces nesa boa fe tamén cometemos erros. E en todo caso, obviamente, intentaremos corrir todas aquelas desviacións que supoñan unha falta de estabilidade para este Concello, que merece unha estabilidade orzamentaria, e obviamente pois claro que recollo absolutamente todas esas cousas. E de tódolos xeitos, simplemente xa para rematar, nunha aclaración dese propio Plan Económico Financeiro que temos todos diante de nós, no segundo punto, no apartado a), fala exactamente de as medidas correctoras aprobadas, fala de medidas correctoras dentro dun PEF, porque se dixo neste Pleno que non reflexan... que non son medidas correctoras, o son, e non só o son, senón é que ademais as medidas correctoras aprobadas, cuantificadas e fundamentadas sinalando a data da súa implementación, estas medidas deberán ser coherentes coa variación interanual das súas previsións orzamentarias respectivas. Polo tanto o Plan Económico Financeiro claro que é unha medida correctora da estabilidade orzamentaria deste Concello e o que non o teña claro é porque non sabe de que estamos a falar. En todo caso ten a palabra para pechar o concelleiro de facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Grazas Alcalde. Eu vanme a permitir unha coletilla que é que hai intervencións que a min a día de hoxe sorpréndenme que se fagan e por parte de quen se fan. Porque... haber, imos a empezar... a rotura do teito de gasto non se debe á regra da débeda... á débeda bancaria, porque o Concello non ten débeda bancaria señora Díaz, o Concello non tiña débeda bancaria o que tiña é unha débeda con provedores galopante, que nos copou o 24,28% do orzamento, e que vai no borrador dos orzamentos que se van... que pasou por comisión, que se van a presentar nos vindeiros días, o 24,28% foise en pagar pufos do ano 2019. E se di pronto ¿eh?, unha cuarta parte do orzamento destinado a pagar pufos do ano 2019, dise pronto. Iso non figura como débeda, iso non é débeda, é débeda a provedores, non é débeda bancaria, non computa dentro da cuantía para calcular o teito de gasto e para calcular a estabilidade do Concello, vostede debería de sabelo. Logo fala de falla de financiación por parte da Xunta de Galicia. Oia, mire, eu teño aquí diante, aparte dos históricos ¿non?, de ingresos por parte de transferencias da entidade... das comunidades autónomas, están todos nunha media interanual dos últimos 5 anos en 738.060,50, ou sexa, iso non mudou ¿eh?, gobernara vostede ou non gobernara vostede, a Xunta seguiu facendo as mesmas transferencias a este Concello. Para facer un apunte e unha comparativa, o BICE, que é a contribución que paga Reganosa, son 701.112,93, aproximadamente o mesmo que as transferencias que fai a... a Xunta, por Comunidade Autónoma, xa sen contar o IAE de Reganosa, que o IAE de Reganosa son outros seiscentos e pico mil euros, xunto co de Forestal, tódalas empresas que facturan máis dun millón de euros... Entón non me veña... non veña aquí vostede a dicir que é por culpa de que non nos dan cartos outras administracións que non cumprimos coa estabilidade orzamentaria, porque iso de botar balóns fóra sempre se lle deu ben pero os números son os números, e os números non entenden de interpretación. Logo di vostede... falou da falta de presupostos do ano 2018, oia mire, que vostedes ese ano, cando trouxo os orzamentos á comisión os trouxo sen negociar con ninguén, que xa hai que ter valor para presentar algo e pensar que vai a saír adiante sen negociar con ninguén... os orzamentos do ano 2018. ¿Sabe que non presentou no ano 2018?, o PEF, non o presentou, por moito que vostede quera dicir que o intentou aprobar, mire, é que non... mire, neste Concello cando nós entramos a gobernar o día 10 de decembro do ano 2019 non había ningún borrador dun PEF, que tivemos que mandar un correo á Xunta para que nos indicaran os trámites a seguir porque neste Concello non había nada. Entón chegar aquí e dicir que a culpa é da Xunta porque non nos dá cartos... nos quixemos aprobar pero non nolo aprobaron... non, mire, a vontade política entende de actos, non entende de palabras. E o acto que ten este goberno hoxe e traer o PEF, traer unha modificación de crédito e traer nas vindeiras... nos vindeiros días o orzamento que xa pasou por comisión. Actos, non palabras. Logo e... bueno, completamente... ou sexa, creo que o Partido Socialista relatou moi ben cal foi a situación, 7 REC's, que se di pronto. Pufos por máis de un millón e medio de euros a provedores, que se di pronto, o 25% do orzamento, que se di pronto. Entón, hai unha cousa que si que quero destacar, non tiña pensado dicila, pero o teño apuntado porque sabía que ía a saír vostede por algún lado, referente ás modificacións de crédito, e que non se cumpría a estabilidade e tal, eu voume centrar no que din os técnicos, que son os que saben, e na páxina 13, ao finalizar, bueno, hai dúas partes do informe que o dí, comezo, "o exercicio 2019 rematou sen ter aprobado o novo PEF e á vista dos resultados arroxados pola liquidación do ano 2019 constatouse un novo incumprimento dos obxectivos fixados, tal e como se recolle no informe da intervención municipal de avaliación do cumprimento da regra de gasto con motivo da

aprobación da liquidación do ano 2019 se analizamos o incumprimento pódese observar que do total das obrigas recoñecidas netas do exercicio 2019, 468.124,87 euros financiáronse con remanente líquido de tesourería para gastos xerais”, e atención á coletilla coa que finaliza este párrafo, “en consecuencia non cabe admitir que a utilización de remanente de tesourería polo Concello sexa determinante para unha situación de déficit”. Isto por un lado. E o vamos a sumar ao que di na páxina 21, na páxina 21 di que “a situación do incumprimento dos obxectivos de estabilidade e regra de gasto ten a súa orixe no uso de remanente de tesourería no exercicio 2018 por un importe de 1.773.344,62 euros”, dos cales 600.000 euros foi a modificación que apoiou o Partido Popular no Pleno de maio para a realización de obras, o restante, 1.100.000 euros foron modificacións feitas dende Alcaldía ¿eh?, feitas por vostede e aprobadas por vostede e os seus compañeiros de goberno, que foron as que racharon o teito de gasto, e sigo lendo, “deste importe unha parte do gasto foi recoñecido e imputado no exercicio de 2018 e outra parte no 2019, non obstante o importe do incumprimento reduciuse no ano 2019, pasando de 365.702 a 224.023,82”, que é a contía pola cal se ten que aprobar o Plan Económico Financeiro, é dicir, e en consecuencia con este informe ¿eh?, as modificacións de crédito e o uso do remanente feitos de forma desmesurada e descontrolada si que afectan ao teito de gasto, e si que afectan á estabilidade presupostaria e si que afecta a todo o que teña que ver coa regra de estabilidade e de gasto do Concello de Mugardos e de calquera outro concello. De 1.700.000 euros nós apoiamos unha modificación de 600.000, e... me remito ás palabras que dixo o Alcalde, en base tamén a esas palabras aprendimos dos erros e por iso fixemos un colchón de 95.000 euros para asegurar que vamos a cumprir. Pero que nos queira cargar aquí vostede, como sempre fixo, e que as modificacións de crédito afectan á estabilidade... iso é falso, o que afecta á estabilidade é a negligencia dos políticos. Nada máis e agradecer a postura do Partido Socialista apoiando o... a aprobación deste Plan Económico Financeiro.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois moitas grazas. Agotados os turnos de intervencións pasamos a votar este asunto. Votos a favor. En contra, ningún. Abstencións. Bueno, queda aprobado o Plan Económico Financeiro 20-21.

## **2.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MC05/2020.**

Tras deliberación, sométese a votación a aprobación do expediente de modificación de créditos MC05/2020, e o Concello Pleno, tendo en conta proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 06.07.2020, o informe da interventora municipal de data 06.07.2020, obrantes no expediente, e o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 27.07.2020, por 11 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG), **ACORDA:**

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos **MC 05/2020**, de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, financiados con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais, por importe de **698.678,59 euros**, de acordo co seguinte esquema:

### **1º CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS**

**A) CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS ( partidas non dotadas no orzamento )**

PROX.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINS A QUE SE DESTINAN OS CRÉDITOS	CONSIGNACIÓN
	136.15100	Horas extra Ges 2016, 2017 e 2018	57.773,80 €
	136.15100	Horas extra Ges 2020	16.000,00 €
	136.35200	Xuros demora horas extra 2016, 2017, 2018 e 2020.	25.000,00 €
20184CAMIÑ2	1532.61900	Certificacións da obra Mellora de camiños municipais:Boado.	54.089,40 €
	160.46200	Liquidacións exercicios 2014,2015,2016,2017 e 2018 da xestión compartida da EDAR, derivadas do Convenio de colaboración entre os Concellos de Ares, Fene e Mugardos para axestión compartida do servizo de bombeos da obra "Actuacións de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol (EDAR) segundo acta da Comisión Mixta de Coordinación Xestión compartida do Servizos de Bombeos de 5-12-2012 e acordos plenarios de aprobación polo Concello de Mugardos do devandito Convenio de 30-08-2012 e Concello de Fene de 6-09-2012.	243.979,48 €
	160.76200	Liquidacións derivadas da expropiación de terreos, derivadas do Convenio de 26 de novembro de 2007 de colaboración entre os Concellos de Ares,Fene e Mugardos para o desenvolvemento conxunto da cesión ou posta a disposición de terreos para a execución da "Actuación de saneamento na zona norte da ría de Ares e na zona sur da ría de Ferrol. Ares, Fene e Mugardos"	67.274,17 €
20204AUT01	241.47000	Subvencións/Axudas Autónomas e Pymes do Concello de Mugardos	150.000,00 €
	450.62300	Adquisición maquina hirolimpiadora	650,00 €
	931.12003	Soldo funcionario interino por programa temporal Área de Intervención	5.363,69 €

**TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS 620.130,54 €**

**2º SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.**

**B) SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS (aplicacións dotadas insuficientemente no orzamento )**



<b>PROX.</b>	<b>Aplicación Orzamentaria</b>	<b>Consignación antes deste expediente( € )</b>	<b>Aumento que se propón ( € )</b>	<b>Total consignación resultante ( € )</b>	<b>Causas da súa necesidade</b>
	136.16000	104.236,62	16.671,80	120.908,42	Seguridade social e recargo horas extras GES
	136.16000	120.908,42	6.400,00	127.308,42	Seguridade social e recargo horas extras GES 2020
20182POS182	160.61900	4.542,89	10.000,00	14.541,89	Certificación liquidación da obra do Pos+2018:Obras de reurbanización das calles Pixigo e Cano.
	920.12003	19.967,04	5.363,69	25.330,73	Soldo funcionario interino por programa temporal Área de Secretaría
	920.12100	36.028,30	3.340,33	39.368,63	Complemento de destino funcionario interino por programa temporal Área de Secretaría
	920.12101	67.722,57	4.215,95	71.938,52	Complemento específico funcionario interino por programa temporal Área de Secretaría
	920.16000	49.918,68	3.750,00	53.668,68	Seguridade social funcionario interino por programa temporal Área de Secretaría
	931.12100	13.698,16	3.340,33	17.038,49	Complemento de destino funcionario interino por programa temporal Área de Intervención
	931.12101	30.111,84	4.215,95	34.327,79	Complemento específico funcionario interino por programa temporal Área de Intervención
	931.16000	11.013,36	3.750,00	14.763,36	Seguridade social funcionario interino por programa temporal Área de Intervención
	933.63200	184.870,43	17.500,00	202.370,43	Certificación liquidación da obra Execución de 2 baños e vestiarios accesibles e cubrir patio pavillón do Cristo.

<b>TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITO</b>	<b>78.548,05</b>	
-------------------------------------	------------------	--

**TOTAL SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS 78.548,05 €**

## **2º FINANCIAMENTO**

Para financiar os novos créditos sinalados no apartado anterior, pódense arbitrar os recursos seguintes :

A ) Con cargo ó remanente líquido de Tesourería para gastos xerais por importe de **698.678,59 €**.

<b>REMANENTE DE TES. PARA GASTOS X. RESULT. LIQUIDACIÓN 2019</b>	1.523.722,18
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 03/2020	164.518,51
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 04/2020	148.735,45
RLTGX UTILIZADO NO EXP DE MOD 05/2020	698.678,59
<b>= REMANTE DE TES. PARA GASTOS XERAIS DESPOIS DESTE EXP. DE MOD 05/2020</b>	511.789,63

B) Con cargo a novos ou maiores ingresos sobre os totais previstos no Orzamento corrente 0 €.

C) Con cargo a baixas por anulación total ou parcial de outras partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor, cunhas consignacións susceptibles de redución por importe de **0 €**.

D) Recursos procedentes de operacións de crédito, 0 €.

2º.- Expoñer o expediente de modificación de créditos ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presenten reclamacións ao acordo entenderase definitivamente adoptado, debendo publicarse dicha modificación do Orzamento, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aprueba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

## DELIBERACIÓN

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto, que é a aprobación, se procede, do expediente de modificación orzamentaria MC05/2020. Ten a palabra o concelleiro de facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Si, bueno, este expediente de modificación ven acompañando aos orzamentos, principalmente porque había varias débedas, varias... bueno, pagos que había que realizar, e que non entraban dentro dos orzamentos. Os orzamentos están limitados hoxe a uns ingresos e en función deses ingresos hai que presupostar uns gastos. Os gastos que veñen con esta... dentro desta modificación fanse con cargo a remanente porque dentro dos propios ingresos que xa hai no Concello non entrarían, e cremos que son temas importantes a... para pagar e para consignar no orzamento, non todo é nin débedas nin xuros. Esta modificación orzamentaria vai nun primeiro lugar a financiar as horas extras que se lle adebeda ao grupo GES do ano 2016, 2017 e 2018, e inclúense como o GES e persoal laboral non persoal funcionario, é necesario dotar dunha partida para pagar horas extra. Entón o goberno chegou a un acordo con eles para poder cumprir co cadrante e cun mínimo de dúas persoas por turno, pois establecer unha bolsa de horas, neste caso pagando o 2020 son 16.000 euros, pois para poder ir cumprindo e... primeiro, o convenio de persoal, que di que ten que haber dúas persoas por turno, e segundo, pois para garantir o pago desas horas. Tamén se inclúen os xuros de demora, o pago dunha certificación de obra, que é a obra de Boado, a liquidación 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 da xestión da Edar, que debemos ao Concello de Ares, así como as liquidacións derivadas da expropiación; vai tamén a partida de axuda para autónomos e pemes, que poido xa adiantar que logo de pasar as bases por diversas comisións pois está pendente soamente de aquí, da aprobación da partida; a adquisición da máquina hidrolimpadora, que é para... bueno, para o servizo de obras; soldo de o que comentábamos de... a contratación de persoal funcionario interino, tanto para secretaría como para intervención. Como tamén realízanse... un total de... bueno, suplementos de crédito, que son aplicacións dotadas insuficientemente dentro do orzamento, que se fan aquí... bueno, ben todo aquí explicado, en total serían... unha parte sería a modificación de 620.130,54 e por outro sería o suplemento de 78.548,05. O informe da interventora vai condicionado á... ao PEF, é dicir, ao aprobado no PEF no punto anterior, o informe da interventora certifícase... é favorable a esta modificación de crédito, e bueno, a groso modo é o contido desta... desta modificación.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Moi ben. Pois abrimos un turno de intervención. Palabras. José Ángel.

**Sr. Martínez Bardanca** (que traducido di): Bueno, nós como reservamos o voto neste punto na comisión de facenda, a verdade reservamos o voto porque non tiñamos claro que hai que facer con esta modificación de crédito, entre outras cousas porque bueno, isto é como un batiburrillo, entendemos que xa se supón que é a última, e antes dos orzamentos, que iría xa nos orzamentos, pero claro, o das horas extras por exemplo do GES no 2020 e bueno, e algunha cuestión máis, entendemos que podería ir perfectamente dentro dos orzamentos e deixar só o

que suporía unha débeda que viña de atrás, ¿non?, porque tamén nos parecía que ao mellor nós non deberíamos de entrar no que é a votación de... pois horas extras do GES 16, 17 e 18, ou a liquidación das bombas da Edar, e de bueno, a adquisición dos terreos que ven do ano, pois non sei, ¿pois 2014 tamén?... como... como moi adiante no 2014, porque isto foi cando se entregou, entendo eu, e cando comezou o funcionamento, entón é unha cuestión... eu é que non sei si aínda tiña... estaba... non sei, levamos un ano e non tiñamos, evidentemente, coñecemento de todo isto ¿non?. Entón, bueno, o que si nos estraña, ¿non?, é que... seguir escoitando por exemplo que... dicir que o Concello de Mugar dos non ten débeda, claro, aquí hai 200, 300, 400.000 euros, practicamente, nunha débeda; nunha débeda ademais que non é unha débeda gratis, porque isto ten uns intereses de 25.000 euros aquí... e supoñamos que... bueno, que o Concello que nos ten que cobrar estes 300.000 euros teña a boa vontade de non... de non reclamar intereses, entón o prezo era moitísimo máis barato irse ao banco e pedir un crédito. Claro, non sei si é que se confunde a débeda co financiamento alleo ou algo, isto é financiamento alleo en toda regra, o Concello está financiándose co diñeiro dos traballadores, unha cuestión que a min dame un pouco de repelús, estamos falando de que o Concello de Mugar dos estivo financiándose durante o 2016, 2017 e 2018 con diñeiro dos seus propios traballadores, ¿non?, e con diñeiro doutras administración, da administración doutros Concellos ¿non?, porque aquí isto ven do ano 2012, cun acordo Ares-Fene, o cal estaba incluído incluso nos orzamentos e nas liquidacións da interventora. Claro, eu a partir de que teño coñecemento dende o ano pasado, o 19, especificábase que existía, non se especificaba a contía, pero si se especificaba que existía unha partida debida a un Concello. Claro, isto é débeda, ou sexa, máis débeda que esta non hai, a parte do millón e pico que se leva pagado a provedores, que bueno, eu... nós poderíamolo entender, porque entendemos que viñamos de incumprir a regra de gasto en 600.000 euros, o cal supón que se gastou 600.000 euros máis do que había, co cal esas facturas haberá que pagalas nalgún momento, vanse a acumular coas do ano seguinte, que aínda encima era ano electoral, o gasto ata o mes de maio foi tamén... eu creo que xa a incumpríamos a regra do gasto tamén en maio do ano 2019, co cal claro, todo iso chega un momento que o hai que pagar. Vale, pois nós aceptamos, imos a ter a boa vontade de votar a favor de tódalas modificacións de crédito, sabendo que van pois coa... con... ¿non?, co reparo de intervención, evidentemente, porque claro... aínda así nós facémolo polo ben do Concello e polo ben de que os provedores sigan a traballar e que non se paralice o Concello ¿non?. Pero claro, esta modificación de crédito xa é un caso aparte, porque aquí e... estanse a pagar 300... case 400.000 euros dende... do ano 2015, son dende o ano 2015. Entón, nese sentido a nós gustaríanos saber, gustaríanos saber, primeiro, se isto non é débeda ¿que é?, ¿non?, que nolo expliquen. Que nos expliquen tamén porque non se pagou, porque pois o Alcalde, que estaba no anterior mandato o PP ou a Alcaldesa, que vai a falar agora, ou o Bloque tamén, que tamén estivo nese periodo no goberno, porque non o pagaron ou porque non esixiron que se pagase isto, claro, despois de tantos anos, porque entendo que todo o mundo era coñecedor de que había estes impostos por pagar ¿non?. Tanto a oposición que insistiu durante todo o ano 2019 en que necesitaban seguir cobrando os 13.000 euros anuais para poder fiscalizar... claro, é que iso estaba nos orzamentos, e non se fiscalizou en ningún momento ¿non?. E o actual Alcalde do propio Partido Popular tamén era coñecedor de que había unha partida, non sabíamos canto, pero tamén era coñecedor, e si que nalgún Pleno fixo algunha pregunta, eu entendo que seguramente coincidindo con que chegase algunha... por rexistro, algunha reclamación, porque sei que chegou algunha do Concello ao que se lle debe toda esta contía, entón bueno, ahí si que

bueno, pois facía un comentario, pero bueno, eu xa saben como son eu de pesado, eu estaría tódolos Plenos insistindo haber porque se ten unha débeda e non se paga cando somos un Concello solvente. Iso é o que me... o que a min me preocupa deste caso ¿non?, que efectivamente... o dicía Esquerda Unida, non é un problema... non é un problema estrutural, non, non o é, non, é un problema de xestión caótica que viviu este Concello durante... durante toda unha lexislatura. Nada máis. En todo caso dicir que finalmente si que o imos a votar a favor, tamén pois por responsabilidade e entendemos que estamos comezando un novo ciclo e bueno, queremos que non se repita máis este tipo de cuestións, esperamos que non se repitan e que poidamos ter uns orzamentos e actuar como un Concello normal, digamos.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, antes de continuar, e en alusión, loxicamente, ao que me cometou o voceiro socialista, bueno, eu a verdade é que teño que recoñecer que no ano 2015 tiven moitos problemas, entre outras cuestións porque a xente da oposición estaba noutros temas, non estaba por facer oposición, estaban montando unha moción de censura. E desgraciadamente ata un armario de 3.000 euros non me aprobaron neste Pleno, polo tanto se 3.000 euros era difícil de aprobar imaxine vostede pagar unha débeda de 300.000. Era moi difícil. En todo caso é verdade que hai que mirar cara ao futuro, non ao pasado, e obviamente a nosa vontade, loxicamente, é de dotar de certezas económicas, de certezas en canto á estabilidade; estabilidade, para ben ou para mal non só a dan gobernos en maioría absoluta, tamén a dan gobernos en minoría que intentan consensuar, chegar a acordos, e en todo caso buscar as mellores solucións para que os veciños vexan como a súa economía volta a ter outra vez unha estabilidade sen supoñer un aumento de impostos, un aumento dos tributos municipais, que en todo caso sería castigar de novo aos veciños de Mugar dos, e polo tanto o que nos toca agora é facer un exercicio de responsabilidade, un exercicio de contención, e un exercicio de responsabilidade en poñer as contas onde deberían de estar para que por fin, calquera goberno, neste caso este, pero puidese ser outro, teña por fin unha estabilidade para poder mirar cara ao futuro. Iso é o que agora nos atinxe. Agradezo a responsabilidade que está a amosar o Partido Socialista nunha cuestión que non ven fundamentada por este goberno nunha boa parte, e que obviamente ten a necesidade de solucionar, e que non o soluciona para o goberno, os problemas que se solucionen aquí se solucionan para que os mugardeses non teñan que ver afectada a súa economía nin o aumento de impostos nun momento especialmente complexo. Eu creo que esa é a cuestión fundamental e por iso bueno, pois agradecemos calquera proposta que veña en beneficio dos mugardeses. Bueno, e... non sei si hai algunha solicitude dun segundo turno. Si, pois teño Pilar e Miguel. Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido di): Nós imos a manter a votación que xa fixemos, o sentido da votación que xa fixemos na comisión de facenda de fai... de fai uns días, vai a ser unha votación nun sentido favorable. Pero tamén mirando cara ao futuro dende o día de hoxe o Concello de Ares é debedor do Concello de Mugar dos, e polo tanto gustaríanos que se axilizasen os documentos que se lle teñen que enviar ao Concello de Ares para que poidamos equilibrar esta conta, despois de que o Concello de Ares fose debedor do Concello de Mugar dos durante os anos nos que se comezou a piscina compartida, foi debedor co goberno do BNG, foi debedor co goberno do PP e foi debedor co goberno que subscribimos nós tamén. Entón gustaríanos que esta situación non se prolongase e polo tanto na medida do posible que este tema saia da axenda municipal, porque ademais nós entendemos que ven viciado e seguro que

moitos dos presentes aquí saben a que me estou referindo, como é a situación viciada, e non viciada precisamente dende o Concello de Mugaros. Polo tanto pedimos tamén que na medida do posible o Concello de Ares deixe de ser debedor do Concello de Mugaros, e deixemos de financiar, como se fixo anos anteriores, deixemos de financiar os servizos que presta o Concello de Ares, e que a ser posible tamén sexamos conscientes de que as propostas que poden beneficiar ao Concello de Ares para a prestación de servizos ou obras conxuntas ao mellor non son beneficiosas para o Concello de Mugaros. Bueno, dito isto... dito isto, en canto á modificación de crédito correspondente ás horas extraordinarias do GES, eu quero agradecer publicamente o traballo realizado polo concelleiro delegado do GES na anterior corporación, e grazas ao seu traballo conseguíuse fomentar e montar todo o expediente relativo ao recoñecemento das horas extras, e tamén grazas ao seu traballo tivo lugar a publicación das bases para a creación da bolsa de emprego de 2ª oficial, o 9 de abril de 2018 no BOP, o que nos permite reducir considerablemente o número de horas extras, porque creo que todo o mundo é consciente de que con doce traballadores, e en turno de dous, tal e como recolle o convenio e ás veces de tres, é inviable que non fagan horas extras, e que polo tanto tal e como se fixo xa por parte deste goberno, unha vez que a Xunta no 2019 habilitou o curso necesario para poder acudir a esa bolsa de contratación que ten o Concello de Mugaros, pois se reduza a hora extra e que polo tanto poidamos tirar desa bolsa de substitución na medida en que haxa aspirantes. E voume a referir a unha última... bueno, dúas últimas cuestións, unha é a subvención de axudas a autónomos e pemes, que xa a formuláramos en comisións diferentes, na de 3 de abril e incluso na do 20 de maio da comisión de facenda, bueno, facíamos unha intervención no sentido de que non se... á aprobación do orzamento municipal, senón que se habilitasen outros mecanismos, como todo o mundo sabe só hai dous mecanismos, ou ben a modificación de crédito ou ben as baixas dalgunha das partidas existentes, finalmente óptase pola modificación de crédito, e a pesares da explicación do presidente da comisión de facenda si creo que en canto aos dous programas temporais que aparecen, tanto para a área de intervención como para a área de secretaría terían encaixe dentro do orzamento municipal e non nesta modificación. Con todo, xa digo, nós imos a repetir o mesmo voto que fixemos na comisión de facenda, non sen destacar que o financiamento disto ven dos aforros de tódolos mugaros, e que polo tanto eses aforros son os que permiten que se poida abordar esta modificación de crédito co contido que xa todos coñecemos.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Si, unha cuestión previa a darlle o turno ao concelleiro da área. Bueno, hai unha cuestión, que creo relevante, e é... demos todos agradecemento ao anterior responsable do GES que foi o que nos colapsou 120.000 euros de horas extraordinarias fóra do convenio, agradecemosllo dende aquí, enormemente, e seguro que os traballadores tamén están moi agradecidos, e seguramente tamén a esa bolsa que alude que se fixo para substituír, que non se empregou nunca, e que tivo que vir o goberno recente a poñer en valor unha bolsa de substitucións para non ter que agradecer tamén ao xestor anterior do GES que houbese turnos en plena campaña de incendios cun membro ou ningún. En todo caso agradecendo ao anterior responsable do GES todas estas xestións que sen dúbida melloraron moito o servizo, doulle o turno ao concelleiro de facenda.

**Sr. Mahía Prados:** Grazas Alcalde. Bueno, referente a varias cuestións que se comentaron de que Ares vai a pasar a ser un Concello debedor, efectivamente, pero un dos

motivos polos cales tamén se quere liquidar esta débeda que hai de entorno aos 300.000 euros con Ares, ven sendo porque consta no Rexistro un escrito por parte do Concello con intención de liquidar tódalas débedas entre ambas administracións, ou sexa, tamén pagar a parte que lle corresponde a ese Concello. Nun primeiro lugar cando chegamos ao goberno, se abordó... perdón, abordouse facer unha compensación, pero tanto os servizos do Concello de Ares como os servizos do Concello de Mugar dos entenden que non era... podía facerse, pero que si existía algún erro ía a embarrarse todo o proceso, e que o mellor era que cada un pagara o seu e quedasen as contas claras. Entón nese aspecto nós e... comunicar iso, que consta o compromiso por parte do Concello de Ares de abonar esas partes que quedan e tamén poder adiantar que consta unha petición expresa do Concelleiro de Facenda aos servizos de intervención de que neste mes de agosto se proceda a facer as contas de explotación que faltan da piscina, do Complexo Acuático do Castro, para poder facer as liquidacións correspondentes dos pasados anos e poder quedar tódolos Concellos a pre e non deberlle ninguén nada a nadie e ser todos os responsables das nosas arcas. E... sobre o GES, ratifícome no dito polo... no dito polo Alcalde, e referente á partida de... dos autónomos, quero remarcar, como dixen no apartado anterior, que calquera modificación de crédito, calquera tramitación que se queira facer ten que ir avalada polo Plan Económico Financeiro. Estes tres documentos lévanse da man, os orzamentos, a modificación de crédito e o Plan Económico Financeiro, precisamente para cumprir escrupulosamente cunha lei, que pode ser xusta ou inxusta, pero é a lei e hai que respectala e hai que tirar con ela para adiante. Tamén quero dicir, porque xa o dixen en pasadas comisións, grazas a esa lei a situación deste Concello non foi peor, e xa foi mala, non foi peor do que foi. Nada máis, agradecer as posturas dos partidos.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Si, bueno, en todo caso unha última aclaración. É certo que o Concello de Ares agora debe unha parte considerable polas contas de explotación, pero que indubidablemente é imposible de pagar se as contas non están realizadas. Polo tanto non se pode pagar aquilo que non se transmitiu como débeda a Ares, e polo tanto é difícil de pagar cando non che pasan a factura. Entón realizaremos as contas de explotación pertinentes para que Ares poida pagar e saiba a contía exacta que debe ao Concello de Mugar dos. Bueno, esgotado este turno de intervencións pasamos a votar. Votos a favor e... abstencións.

### **3.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 7/2020.**

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pasamos ao seguinte punto que é o recoñecemento extrajudicial de créditos 7/2020. Ten a palabra o concelleiro de facenda.

**Sr. Mahía Prados**: Si, moi brevemente. Nada, este é un recoñecemento extrajudicial de crédito que pasou por comisión, estaba pendente dunha aclaración porque parece ser que había un problema entre o informe de intervención e a partida á que tiña que ir distribuída por... ao texto, perdón. E foi solventado pola exalcaldesa e a interventora, consta o expediente... no expediente o informe relativo e... simplemente iso, son dous facturas que quedaban pendentes.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, abrimos un turno, se alguén quere intervir. Bueno, dado que xa está falado supoño que na comisión correspondente... querías comen... ah... supoño que xa se aclarou como aquí se comentou agora por parte de tódolos grupos nas

comisións correspondentes entón se non hai... se xa quedou falado... e non procede agora falar pois sometemos entón a votación o asunto. Votos a favor, abstencións.

Sometida a votación a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos nº. 7/2020, o Concello Pleno, tendo en conta a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 12.06.2020 e o informe emitido pola intervención municipal en data 12.06.2020, obrantes no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 17.06.2020, e tendo en conta, así mesmo, a proposta formulada polo concelleiro delegado de facenda, persoal e participación cidadá en data 28.07.2020 e o informe emitido pola intervención municipal en data 28.07.2020, tra-la aclaración do texto da factura F/2020/940 efectuada na Comisión Informativa de facenda, persoal e participación cidadá realizada en data 17.06.2020, por 11 votos a favor (5 PP, 3 PSOE, 3 EU-SON EN COMÚN) e 1 abstención (1 BNG),  
**ACORDA:**

**Primeiro.-** Levantar o reparo formulado pola intervención de acordo co informe, de data 28.07.2020, que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da proposta formulada en data 28.07.2020, e que afecta a relación contable de facturas F/2020/25 que comezan co número de rexistro contable 2020/933 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 527,91 euros e remata co número de rexistro contable de factura 2020/940 a nome de FRANCISCO JAVIER LOPEZ ABELLA-EXCAVACIONES GILDO, por importe de 1.029,71 euros.

**Segundo.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 7/2020 por importe bruto total de 1.557,62 euros. Os gastos correspondentes están incluídos na relación contable de facturas F/2020/25 e, imputaranse aos créditos das partidas do orzamento vixente.

**Terceiro.-** Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas que se relacionan no expediente, e incluídas na relación contable de facturas F/2020/25, e que comeza co número de rexistro contable 2020/933 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A. por importe de 527,91 euros, e remata co número de rexistro contable de facturas 2020/940 a nome de FRANCISCO JAVIER LOPEZ ABELLA-EXCAVACIONES GILDO, por importe de 1.029,71 euros, sendo o importe bruto total de 1.557,62 euros.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

**Sr. Alcalde** (que traducido di): Bueno, pois esgotadas as ordes... a orde do día da sesión, levántase a mesma.



E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e corenta e oito minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario accidental, dou fe.

Vº e prace  
O ALCALDE,